



Educar a dimensión espiritual da persoa. Unha mirada monástica

Paula Téllez González¹

O termo espiritualidade apunta á procura profunda de sentido e de verdade que todos experimentamos e pode ir vinculado á relixión ou non. A dimensión espiritual da persoa relaciónase coa Natureza, a beleza artística, a oración-contemplación, coa pertenza a un grupo ou comunidade, coa dor e a morte, e con Deus.

Pero nesta ocasión, falar de espiritualidade en xeral podería quedar nunha abstracción mental, debido a que se trata de algo que afecta a persoa e as súas relacións. Así, esta achega parte da vivencia de interioridade dentro da relixión cristiá, a través dun percorrido moi concreto e baseado na experiencia monástica cisterciense. Imaxinemos un embude aberto á grandeza da auga viva ou do viño novo que é a Transcendencia, pero que inexorablemente ten que recollerse a través dunha canle para que vaia enchendo a botella, metáfora do ser humano, e non se derrame por fóra.

Aínda que este traballo brote dun carisma específico, apunta á dimensión arquetípica monástica universal, de modo que se poida transferir o seu contido a outras formas de espiritualidade. O proceso de aprendizaxe interior aquí compartido ten unha dobre vertente, xa que arrinca da vivencia inicial de discípula, para seguir despois como formadora, acompañando a outras persoas nos seus primeiros pasos.

1 Paula Téllez González pertence á comunidade monástica do Mosteiro Cisterciense de Santa María de Armenteira (Pontevedra)